

RESOLUCIÓN DO 18 DE DECEMBRO DE 2015 POLA QUE SE ENCOMENDA Á AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN A XESTIÓN DE DETERMINADAS ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DIXITAL EN GALICIA.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que, segundo o artigo 6 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade Dixital en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías. A estes efectos, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ante a situación de incerteza económica que esixe aos axentes implicados no desenvolvemento económico de Galicia un esforzo para paliar os seus efectos, está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega. A potenciación e mellora do uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións son, sen lugar a dúbidas, uns instrumentos xeradores de riqueza. Neste senso, esta encomenda forma parte dun conxunto de medidas que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia está poñendo en marcha dirixidas a este fin.

SEGUNDO.- O progresivo incremento do número de actuacións xestionadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, co conseguinte aumento das tarefas relacionadas co seguimento, avaliación, control e coordinación destas, os compromisos adquiridos para o ano 2016, e tendo en conta ademais a especificidade da materia a desenvolver pola Amtega, así como razóns de eficacia na súa actuación, aconsellan a encomenda á Axencia Galega de Innovación da xestión de determinadas actuacións relacionadas coa promoción e desenvolvemento da Sociedade Dixital en Galicia.

TERCEIRO.- A Axencia Galega de Innovación (Gain) é unha entidade pública instrumental integrante do sector público autonómico galego creada como axencia pública autonómica polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, que ten como finalidade apoiar e impulsar o crecemento e a competitividade das empresas galega a través de estratexias e programas de innovación eficientes, así como fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas.

Segundo o artigo 1.2 dos seus Estatutos, a Axencia Galega de Innovación está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral de Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos que precisan as leis.

Doutra banda, segundo o artigo 4.1 dos seus Estatutos, a Axencia Galega de Innovación ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dependentes dela, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden no ámbito das súas competencias e nos termos fixados nos seus estatutos.

CLAUSULADO DA ENCOMENDA

PRIMEIRA.- A presente resolución ten por obxecto a encomenda á Axencia Galega de Innovación da xestión de determinadas actuacións relacionadas coa promoción e desenvolvemento da Sociedade Dixital en Galicia.

A encomenda realízase no marco dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como do artigo 4.1.n) do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que está excluída do ámbito de aplicación da citada norma e regulada pola súa normativa específica, se ben se aplicarán os principios da dita Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, conforme ao establecido no apartado 2 do citado artigo 4.

A encomenda é obrigatoria para a Axencia Galega de Innovación e deberá aceptala e executala de acordo coas instrucións que ao efecto lle proporcione a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en canto se refira á organización, interpretación e control dos traballos obxecto da mesma.

Doutra banda, en aplicación do disposto no artigo 48 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria autorizou previamente a realización da presente encomenda.

SEGUNDA.- O réxime de contratación para a efectividade da encomenda á Axencia Galega de Innovación con terceiros vén determinada polo disposto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

TERCEIRA.- O orzamento a que se refire esta resolución ascende á cantidade máxima de DOUS CENTOS SETENTA E SEIS MIL EUROS (276.000 €), cantidade destinada a sufragar os gastos derivados das actuacións que se detallan no **anexo I** desta resolución e que forma parte integrante da mesma.

Esta encomenda queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que se aproben para o ano 2016.

A Amtega financiará á Axencia Galega de Innovación ata este importe máximo, con cargo aos orzamentos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para cubrir os gastos anteditos.

En ningún caso, o importe dos gastos xerais e corporativos superará o 10% do importe total da encomenda.

Con carácter xeral, o aboamento da cantidade estipulada realizarase anualmente previa xustificación das tarefas executadas e do gasto realizado e certificación da Área de Sociedade Dixital de que o traballo se realizou conforme co establecido na encomenda, antes do 31 de decembro de 2016, con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

<i>Aplicación</i>	<i>Denominación</i>	2016 (euros)
04.A1.571A.640.0	Actuacións en materia das TIC	276.000 €
	TOTAL	276.000 €

Sen prexuízo do anterior, poderá realizarse un anticipo de pago de ata un máximo do cincuenta por cento (50%) do orzamento total da anualidade, para permitir soportar os gastos iniciais da xestión encomendada. O dito anticipo implicará que non se efectuará ningún outro pago á Axencia Galega de Innovación ata que figure debidamente acreditada a aplicación do importe anticipado.

CUARTA.- A Axencia Galega de Innovación someterase ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

QUINTA.- A Axencia Galega de Innovación será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados na execución desta encomenda de xestión, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na súa execución.

A Axencia Galega de Innovación terá a obriga de gardar segredo respecto dos datos ou antecedentes que non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto da encomenda, dos que teña coñecemento con ocasión desta. A Axencia Galega de Innovación estará obrigada ao seguimento das normas sobre confidencialidade de datos, e se responsabilizará de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación da encomenda de xestión se realizará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da citada lei, así como da restante normativa de vixente aplicación.

A Amtega poderá designar un responsable da encomenda ao que lle corresponderá, se é caso, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación, dentro do ámbito de facultades que a Amtega lle atribúa.

Ao abeiro do establecido na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, e coa finalidade de fomentar o uso de galego nas actividades mercantís, a Axencia Galega de Innovación deberá utilizar o idioma galego en todas as relacións que se deriven da execución da encomenda de xestión. En concreto, esta obriga implica que todas as interfaces e documentación desenvolvida, así como os materiais de apoio, estarán redactados en lingua galega. Así mesmo, o idioma empregado en todas as relacións cos administrados será o galego.

A Axencia Galega de Innovación, en colaboración cos responsables da encomenda a que se fixo referencia, levará a cabo a dirección, xestión e organización dos traballos, sendo responsable da súa calidade técnica e das prestacións e servizos realizados.

En ningún caso, a resolución da encomenda de xestión suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Amtega e o persoal que presta os seus servizos na Axencia Galega de Innovación.

É responsabilidade da Axencia Galega de Innovación prover todos os medios humanos e materiais precisos para levar a cabo a encomenda agás aqueles que, se é o caso, a Amtega entenda que deban ser aportados directamente por ela.

A Axencia Galega de Innovación deberá facilitarlle á Amtega, cando se lle requira, a información relativa ao desenvolvemento da execución da encomenda.

SEXTA.- A vixencia desta encomenda rematará cando as actuacións obxecto desta resolución de encomenda de xestión sexan finalizadas e estean debidamente xustificadas pola Axencia Galega de Innovación ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e, en todo caso, o 31 de decembro de 2016, sen prexuízo de que por causas xustificadas puidesen producirse posibles prórrogas ou se revogue.

Corresponde á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a prerrogativa de interpretación da presente encomenda así como a de resolver as posibles controversias que poidan xurdir en canto á súa execución.

En base ao que antecede, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Encomendar á Axencia Galega de Innovación para a xestión de determinadas actuacións, realizadas no presente exercicio orzamentario, relacionadas coa promoción e desenvolvemento da Sociedade Dixital e que se recollen no anexo I desta encomenda.

SEGUNDO.- O orzamento das actuacións previstas nesta resolución ascende á cantidade máxima de DOUS CENTOS SETENTA E SEIS MIL EUROS (**276.000 €**), IVE incluído, que se financiará con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Aplicación	Denominación	2016 (euros)
04.A1.571A.640.0	Actuacións en materia das TIC	276.000 €
	TOTAL	276.000 €

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2015

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia



Mar Pereira Álvarez

ANEXO I

As tarefas encomendadas á Axencia Galega de Innovación no marco da presente encomenda son, as seguintes:

- Actividades relacionadas coa xestión do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) como órgano asesor para a valoración da evolución da sociedade da información, a modernización administrativa e a administración electrónica nas administracións públicas de Galicia.
- Actuacións relativas ao fomento da interrelación entre a oferta do sector TIC e as empresas galegas que demanden novos produtos e servizos para mellorar a súa produtividade e competitividade, facilitando a innovación e transferencia de tecnoloxía e servizos especializados.
- Actuacións relativas á colaboración na xestión e dinamización do Centro Demostrador TIC de Galicia.
- Actuacións relativas ao despregamento de infraestruturas de telecomunicación en Galicia, seguimento no avance do mesmo, coa elaboración de informes técnicos de control que resulten necesarios.
- Actuacións relativas á coordinación das diferentes accións promovidas pola Xunta de Galicia relativas ao fomento e promoción do Software Libre e de Fontes Abertas, así como relativas á coordinación dos diversos axentes que compoñen o ecosistema galego de FLOSS.
- Actuacións relativas á coordinación das diferentes actuacións derivadas da Axenda Dixital de Galicia. As tarefas encomendadas á Axencia Galega de Innovación neste ámbito comprenderán a recollida de información, elaboración de informes, estudos e análises, e a organización das xornadas que aprobe a Amtega nas materias que son propias da Axenda Dixital de Galicia.
- Accións relativas ao desenvolvemento do programa Rede Galega de Voluntariado Dixital.
- Colaboración e asesoramento técnico puntual en actuacións para o fomento, difusión, divulgación, alfabetización e promoción da Sociedade Dixital en Galicia.

Así mesmo a Axencia Galega de Innovación ten obriga de:

- Organizar e executar os traballos encomendados, con criterios de axilidade e eficacia, dentro dos prazos establecidos pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Os informes relativos aos traballos e accións realizadas ao abeiro da presente encomenda serán entregados á Amtega nos prazos e datas fixadas pola mesma, atendendo a criterios de axilidade e eficacia na tramitación administrativa do devandito centro directivo.

ANEXO II

Orzamento estimado

Gastos xerais e corporativos	25.826,65 €
Actividades relacionadas coa xestión do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)	36.000 €
Actuacións relativas ao fomento da interrelación entre a oferta do sector TIC e as empresas galegas	42.000 €
Actuacións ao Centro Demostrador TIC de Galicia	34.000 €
Actuacións relativas ao despregamento de infraestruturas de telecomunicación en Galicia	22.000 €
Actuacións relativas ao fomento e promoción do Software Libre e de Fontes Abertas	27.000 €
Actuacións derivadas da Axenda Dixital de Galicia	62.000 €
Accións ao programa Rede Galega de Voluntariado Dixital	27.173,35 €
TOTAL	276.000 €

